



Concello de Parada de Sil

BASES REGULADORAS DE AXUDAS DE APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL E CONVOCATORIA PARA 2026

Primeira. Obxecto da axuda.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación das axudas de apoio á natalidade, adopción ou acollemento do Concello de Parada de Sil en réxime de concorrência non competitiva a través do procedemento establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A través do procedemento regulado nestas bases, o Concello do Parada de Sil concederá axudas polo nacemento, adopción ou acollemento de menor de 0 a 3 anos desde o 1 de xaneiro de 2026.

Segunda. Persoas beneficiarias.

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas:

- A persoa proxenitora dun menor nado, adoptado ou acollido desde o 1 de xaneiro de 2026.
- A persoa titora dun menor, sempre que a constitución da tutela se faga desde o 1 de xaneiro de 2026.

En todos os casos, será preciso cumprir as seguintes condicións:

- A persoa solicitante ten que figurar empadroada ininterrompidamente no Concello de Parada de Sil, polo menos, UN (1) ano antes da data de nacemento, adopción ou acollemento.
- O/a menor que causa o dereito á axuda ten que constar inscrito/a no Padrón de habitantes do Concello de Parada de Sil na data de presentación da solicitude.
- Compromiso de manter o empadroamento da persoa proxenitora e do/a menor durante os DOUS (2) anos seguintes e ininterrompida á concesión da axuda.
- Atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas fiscais e tributarias co Concello de Parada de Sil, coa axencia tributaria estatal e coa seguridade social.

Cada menor nado/a, tutelado/a, adoptado/a ou acollido/a dará dereito a unha única axuda a favor da persoa solicitante.

Terceira. Contía da axuda.

A contía total da axuda será de 1.500,00 € por cada menor nado/a, adoptado/a ou acollido/a ou suxeito a réxime de tutela.

No caso de partos múltiples, a axuda concederáse por cada menor individualmente.





Concello de Parada de Sil

O importe da axuda farase efectiva a razón de 500,00 € na anualidade de nacemento, adopción ou acollemento e 500,00 € en cada unha das dúas anualidades seguintes sempre e cando se cumpran os requisitos e obrigas establecidas na correspondente convocatoria.

Cuarta. Disponibilidade orzamentaria.

A contía máxima destinada a esta convocatoria será de 2.500,00 €, prevista na aplicación orzamentaria 231.48006 do vixente orzamento 2026.

Este crédito orzamentario queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia de algunha das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

No caso de que o crédito orzamentario sexa insuficiente para atender todas as solicitudes, será obxecto de prorrateo entre todas as solicitudes.

Quinta. Gastos subvencionables.

Serán subvencionables aqueles gastos directamente vinculados co coidado e benestar do menor nado/a, adoptado/a ou acollido/a, entre outros:

- Produtos de alimentación infantil, leite, cueiros, etc.
- Roupa, calzado, berces, carriños e artigos de puericultura.
- Medicamentos ou produtos sanitarios non cubertos pola seguridade social.
- Outros gastos debidamente xustificados como necesarios.

Os gastos deberán realizarse con data posterior ao nacemento, adopción, tutela ou acollemento e como máximo ata as datas previstas na base undécima.

Sexta. Solicitudes: prazo, lugar de presentación e documentación.

No caso de persoas beneficiarias en convocatorias anteriores, deberán presentar solicitude de pagamento da anualidade 2026 dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e ata o 30 de setembro de 2026.

No caso de que o nacemento, adopción, tutela ou acollemento teña lugar entre o 01.01.2026 e o 30.11.2026, o prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e ata o 15 de decembro de 2026.

No caso de que o nacemento, adopción, tutela ou acollemento teña lugar entre o 01.12.2026 e o 31.12.2026, o prazo de presentación de solicitudes será ata o 15 de xaneiro de 2027.





Concello de Parada de Sil

As solicitudes deberán presentarse de maneira telemática a través da sede electrónica do Concello de Parada de Sil (<https://paradadesil.sedelectronica.gal>), empregando o trámite de solicitude de instancia xeral dispoñible na sede.

Para presentar a solicitude por medios electrónicos, será necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

Non se admitirán solicitudes presentadas de forma diferente á prevista anteriormente.

Sétima. Documentación a presentar. Enmendadas de solicitudes e/ou documentación.

No caso de persoas beneficiarias de convocatorias anteriores deberán achegar solicitude de pagamento da anualidade 2026 xunto coa certificación de atoparse, a persoa beneficiaria, ao corrente de pago no cumprimento de obrigas tributarias coa axencia tributaria estatal e coa seguridade social.

No caso de novas solicitudes, xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, NIE, pasaporte ou documento identificativo da persoa solicitante.
- b) Copia do certificado de empadramento da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- c) Certificación literal de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil.
- d) Copia da resolución xudicial ou administrativa de adopción, tutela ou acollemento.
- e) Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias co Concello de Parada de Sil, coa axencia tributaria estatal e coa seguridade social.

O Concello de Parada de Sil comprobará de oficio de que a persoa beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias co Concello de Parada de Sil,

No suposto de que a solicitude ou a documentación sexa incompleta ou presente algún defecto, segundo o artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirase á persoa interesada para que a emende no prazo de DEZ (10) días hábiles, con indicación de que se así non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oitava. Instrución do procedemento.

Corresponderá á Secretaría do Concello de Parada de Sil a instrución do procedemento.

Á vista das solicitudes e da documentación presentada, elevará proposta de concesión e/ou denegación de concesión de axudas ao órgano competente.

No caso de denegación de concesión de axudas deberá recollerse o motivo concreto da súa denegación.

Unha vez resolta a convocatoria, será obxecto de notificación ás persoas solicitantes con





Concello de Parada de Sil

expresión da súa concesión ou denegación e motivo da mesma.

Novena. Órgano de resolución.

Corresponderá á Xunta de Goberno Local a concesión e/ou denegación de axudas de conformidade co Decreto de Alcaldía 2023-0128 de 23.06.2023, publicado no BOP nº 177 de 03.08.2023 en virtude da cal o Alcalde-Presidente do Concello de Parada de Sil delega no devandito órgano entre outras atribucións, a resolución de concesión ou denegación de axudas e subvencións.

Todo elo, sen prexuízo do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, en materia de avocación de atribucións.

Décima. Tarxeta electrónica do Concello de Parada de Sil.

As persoas beneficiarias recibirán unha tarxeta electrónica de titularidade municipal, a modo de moedeiro, a efectos de poder realizar as compras e pagamentos en comercios físicos.

As persoas beneficiarias serán responsables do seu uso así como da súa posesión e deberán comunicar ao Concello de Parada de Sil o seu deterioro, extravío, roubo ou calquer outra incidencia.

As persoas beneficiarias deberán retirar a tarxeta electrónica na entidade financeira e asinar a súa recepción para poder recibir o código pin da tarxeta.

Undécima. Funcionamento da tarxeta electrónica.

A persoa beneficiaria da tarxeta poderá empregala en establecementos físicos, quedando excluída a súa utilización para facer compras online e/ou obter efectivo en caixeiros automáticos ou nas propias oficinas da entidade.

O saldo da tarxeta estará dispoñible ata o 31 de xaneiro de 2027, no caso de persoas beneficiarias en convocatorias anteriores e ata o 31 de marzo de 2027 no caso de novas persoas beneficiarias. A partir desa data, o saldo non disposto será inmovilizado ata a seguinte anualidade que volverá a estar dispoñible, ata un máximo de tres anualidades.

A partir da data que deixe de estar dispoñible o saldo da terceira anualidade, o saldo non disposto será cancelado e reintegrado directamente ao Concello de Parada de Sil, sen que se poda derivar o dereito da persoa beneficiaria a solicitar o reintegro do importe non disposto.

Duodécima. Compatibilidade da axuda.

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia, pola Deputación Provincial de Ourense ou por calquera outra entidade pública ou privada.

Décimo terceira. Xustificación da subvención.

Segundo o artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da axuda está motivada pola concorrencia na persoa beneficiaria do obxecto da presente axuda, non requirirá outra xustificación que a comprobación da situación que motiva a concesión da axuda, sen prexuízo dos controis que se establezan para verificar a





Concello de Parada de Sil

correcta aplicación dos gastos.

Décimo cuarta. Comprobación dos gastos e documentación xustificativa.

Sen prexuízo do anterior, e a efectos de exercer o control financeiro da axuda nos termos establecidos nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo ao pagamento de cada anualidade a Intervención do Concello de Parada de Sil poderá exercer o control financeiro nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación.

A tal efecto, poderá requirir ás persoas beneficiarias a seguinte documentación xustificativa dos gastos realizados na anualidade anterior:

- Facturas ou documentos xustificativos correspondentes con nome e identificación do emisor, numeración da factura, data de emisión, concepto detallado dos produtos adquiridos e importe da compra.

Será obriga das persoas beneficiarias conservar un mínimo de DOUS (2) anos a documentación xustificativa dos gastos a efectos de posibles controis financeiros.

Décimo quinta. Procedemento de reintegro.

O procedemento de reintegro esixirase conforme ao establecido nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e normativa de aplicación.

Décimo sexta. Normativa supletoria.

En todo o non disposto nas presentes bases será de aplicación supletoria o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos correspondentes regulamentos de desenvolvemento das devanditas leis e canta normativa resulte de aplicación.

En Parada de Sil, na data de sinatura á marxe

Aquilino Domínguez Díaz

Alcalde-Presidente

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: 7XDAY4SRL52Z2GZCQ4XX6Q5W7
Corrección: <https://paradadesil.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

